

A avaliación como recurso de mellora educativa

Luis M. Sobrado Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

O interese e a inquedanza por cuestións relacionadas coa calidade dos procesos e logros do ensino que se leva a cabo nos centros educativos foron en constante aumento nos últimos anos, debido, principalmente, ás repercusións sociais que a formación escolar ten sobre a poboación en xeral.

O termo calidade educativa posúe varios significados e pode analizarse dende diferentes perspectivas: pedagóxica, sociolóxica, psicolóxica, económica, etc. Trátase, pois, dun construto de natureza polisémica, o que leva de seu unha interpretación complexa.

Un primeiro sentido da expresión da calidade aparece unido á definición economicista e condutista de eficacia e refírese á obtención dos fins desexados. Este punto de vista acentúa o rol dos resultados da aprendizaxe alcanzados dun modo eficaz na acción pedagóxica.

Unha segunda connotación do termo calidade relaciónase coa aprendizaxe de contidos e a súa transcendencia para o

alumnado e a sociedade. Un ensino de calidade, de acordo con esta perspectiva, interprétase polos contidos que os estudantes precisan para se desenvolver intelectual, afectiva ou socialmente. Trátase dunha concepción pedagóxica que destaca a función do currículo escolar.

Un terceiro significado é o que formula a calidade dos procesos e medios que o sistema lle presta ao alumnado para o desenvolvemento da súa experiencia educativa.

Dende esta perspectiva, un ensino de calidade é aquel que lles presenta aos escolares un contexto adecuado para a aprendizaxe, un profesorado formado convenientemente, estratexias pedagóxicas idóneas, etc. Trátase dun enfoque pedagóxico de carácter contextual.

Todas estas reflexións acerca do termo calidade son primordiais á hora de delimitar un modelo de avaliación das institucións escolares. Ademais, representan o punto de partida e o

Na avaliación orientada á mellora da calidade é necesaria a participación de todos os membros da comunidade escolar, xa que eles serán os que desenvolvan o cambio

alicerce para fixar as liñas xerais dun plan de avaliación, ao tempo que permiten comprobar en que medida contribúen ao progreso do alumnado en cada fase e etapa do proceso educativo. Para coñecer as conquistas dos escolares, á parte de saber a situación inicial de partida e os seus resultados finais en cada escola, é necesario considerar outros aspectos do proceso pedagóxico como as características do profesorado, o contexto escolar, o contorno familiar e os procesos e logros educativos da aula e da institución docente correspondente.

Perspectivas da calidade

A avaliación da calidade das institucións educativas pode facerse dende unha óptica externa ou interna. A avaliación externa realízaa un servizo ou axencia allea ao colexio, e a interna é a que efectúa a propia institución docente (consello escolar, equipo directivo e profesorado) coa finalidade de se manter informados sobre a organización, funcionamento e resultados da mesma.

Na avaliación interna os integrantes da comunidade educativa xogan un papel básico na valoración e mellora dos procesos e logros da institución escolar respectiva.

A Administración educativa debe desenvolver igualmente procesos de avaliación externos para que cada escola teña un referente co que poida cotexar a información obtida da propia avaliación interna.

O deseño do proceso avaliativo dos centros educativos ha de ter en conta unha serie de cuestións como: para que avaliar, que valorar, con que criterios e indicadores e quen realizará a avaliación.

Entre as fases que se poden considerar como estándar para determinar o valor da calidade das institucións escolares, debemos sinalar as seguintes:

- Escoller o modelo teórico de referencia para efectuar a avaliación.
- Formular os obxectivos e fixar anticipadamente os criterios e indicadores de valoración.
- Delimitar as cuestións que se van avaliar.
- Definir os criterios e indicadores que se van empregar.
- Fixar as estratexias e procedementos avaliadores, e determinar as propostas de mellora dos logros obtidos.

Modelos de avaliación

A análise da calidade e mellora educativas faise e reflíctese esencialmente mediante a avaliación dos centros escolares. Entre os aspectos relevantes que delimitan os procesos escolares figuran, de acordo co modelo interactivo de avaliación de Stufflebeam, o contexto, os obxectivos, os procesos e os resultados.

A actuación dos centros educativos debe analizarse a través da interacción entre estes catro factores. As investigacións sobre modelos avaliadores das institucións docentes achegan datos moi diferentes, non obstante, podemos agrupalos en tres tipos principais, complementarios entre si e que lles dan énfase aos logros, aos procesos e aos aspectos organizativos.

Proceso avaliador e propostas de mellora

Tras a definición dos aspectos e elementos das institucións escolares

que se van avaliar, cómpre especificar as etapas polas que vai pasar o devandito proceso avaliador: sensibilización, desenvolvemento, toma de decisións e seguimento.

Neste percorrido é necesaria a participación activa de todos os membros da comunidade escolar, xa que serán eles os axentes internos que desenvolvan o cambio.

É desexable tamén a colaboración de expertos e consultores externos que actúen como especialistas resolvendo as situacións que xurdan no deseño e realización da avaliación.

Experiencias de mellora da calidade en Galicia

Nos últimos anos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén levando a cabo un conxunto de accións encamiñadas a implantar plans de mellora nas escolas. As desenvoltas responden ao convencemento de que a xestión da calidade para a mellora constante ha de ser interpretada como a base para unha evolución formativa do alumnado, ao acentuar a relevancia da motivación, das actitudes, das relacións humanas entre todas as persoas da institución escolar e da satisfacción persoal, académica e profesional.

Estas accións orientáronse cara ao establecemento de redes de centros educativos para a calidade coa finalidade de que acadasen unha certificación no enfoque da calidade total para incrementar a calidade do ensino.

Os plans de mellora introducíronse en diferentes institucións educativas e aséntanse nos seguintes postulados:

- Unha diagnose inicial referente ás áreas sobre as que versará o plan.
- A identificación dos ámbitos de mellora debe ser obxectiva e basearse en feitos e logros.
- Os obxectivos de mellora educativa deben fundamentarse na realidade, ser específicos, avaliábeis e atinxibles a poder ser nun ano académico, se ben poden integrarse como parte dun plan de mellora de natureza plurianual.

Un ensino de calidade debe preocuparse por proporcionar unha oferta de posibilidades e oportunidades escolares a todo o alumnado

- Deben especificarse as metas, os procedementos e accións previstas, os recursos humanos encargados da súa realización, os apoios necesarios, un calendario para a súa execución e un plan correspondente de avaliación.
- Un enfoque participativo das persoas responsables do plan, animadas por un liderado da dirección do centro docente.

Como accións pedagóxicas que atenden as necesidades principais, figuran a acollida do alumnado, as atencións aos procesos de ensino-aprendizaxe, as actividades de aula, a formación nos centros de traballo no ámbito da formación profesional, a orientación educativa e profesional e a avaliación continua de procesos e resultados.

É preciso salientar tamén a investigación sobre a calidade educativa dos centros docentes (Sobrado, 2006), realizada nos cursos académicos 2004/05 e 2005/06 en 41 centros educativos de Galicia de ensino primario e secundario, coa participación de 50 membros, entre eles, investigadores e

aplicadores das universidades galegas, inspectores de ensino, orientadores e profesores, co apoio técnico do Instituto de Avaliación e Asesoramento Educativo (IDEA).

Nesta investigación efectuouse unha valoración externa da realidade institucional do número de escolas sinaladas, considerando os resultados do alumnado en diversas áreas curriculares, o contexto socio-cultural, os procesos educativos nas aulas e nos establecementos escolares, as actitudes, valores e desenvolvemento socioemocional dos estudantes, as estratexias e técnicas de aprendizaxe escolar e a valoración do profesorado, alumnado e o funcionamento das institucións educativas.

O estudo permitiu, así mesmo, a achega dunha información confidencial e contextualizada aos centros de ensino participantes na experiencia para posibilitar a súa mellora e cambio educativo.

A modo de conclusión

A escola é un núcleo básico para desenvolver os procesos e feitos formativos como a socialización, personalización, creatividade, así como a progresión nos valores, actitudes, intereses, etc.

Un ensino de calidade debe preocuparse por obter mellores logros persoais e sociais, un avance continuado nos procesos e resultados educativos e unha oferta de posibilidades e oportunidades escolares para todo o alumnado.

Bibliografía

- CANTÓN, I. (2004) Planes de mejora de los centros educativos. Archidona, Málaga, Aljibe.
- MEC (2004) Una educación de calidad para todos y entre todos. Madrid, Secretaría General de Educación del MEC.
- SOBRADO, L. (2006) A calidade educativa dos centros docentes. Valoración e desenvolvemento. Santiago de Compostela, Instituto de Ciencias da Educación/Servizo de Publicacións da Universidade.